

Os castros celtas de Areas e San Mamede (Paderne)

Por ANTONIO RIO LOPEZ

É indubidábel que a cultura celta ainda perdura na nosa actual civilización como algo inconcluso, relativamente escuro a pesar das suas clarificacíons e desde todo punto suxestivo. Talvez este especial interéz radique en que, salvando a distáncia temporal que media entre ambas civilizacíons, sexamos os parentes próximos daquela poboación castrexas; polo menos no tocante a certos costumes, utilaxe ou a propia toponímia dos lugares onde antano estiveron enclavados aqueles recintos castrexos que tanta actividade despregaron no pasado histórico do NO. peninsular e á que a nosa bisbarra tampouco permaneceu allea.

quiero traer a estas páxinas, continuando o labor, iniciado no anterior Anuario (1981), de catalogación e estudo dos "castros" enclavados no Partido Xudicial de Betanzos (1), dos situados nas parroquias de Adragonte e San Xulián de Vigo, ambas do veciño concello de Paderne.


E, sobre todo, co especial interéz de que o seu maior coñecimento poda contribuir, principalmente por parte das novas xeracións, a un mais cobizoso empeño pola conservación do seu patrimonio histórico.

Vaiamos, pois, sen demora, á análise de cada un deles por separado, para o cal comenzaremos polo de mais doador acceso: o de Adragonte.

CASTRO DE ADRAGONTE

LOCALIZACIÓN.—A parroquia de Adragonte, talvez para moitos más coñecida como Areas, está situada a 6 Kms. de Betanzos pola estrada comarcal C-640, que, desde este núcleo, conduce a Vilalba (Lugo). Conforman esta parroquia as aldeas ou anexos de: Cobelo, Eirovello, Mesón, Ventosa, Os Currás, Iglésia, A Pedreira, Piñeiro, A Torre, Casal, Os Caseiros e Areas (estrada).

É precisamente esta última, Areas, a que ostenta, digamos, a capitalidade parroquial, dados a sua situación e o seu crecemento. Situación como aldea "lineal"




PLANO DE SITUACION

Dai que, no ánimo de dar á luz algunas peculiaridades desa cultura celta,

(1) "Ambroa, o el reflejo de Lámbrica", Anuario Brigantino 1981 páx. 72 a 80.

ao longo da única via de comunicación xa referida, estrada de Betanzos a Vilalba, e crecimiento progresivo con case unha dúzia de vivendas en construcción.




Esta localidade ocupa unha chaira en parte sinuosa que ronda os 315 m. de altura meia sobre o nivel do mar; sendo case á metade dela onde se emplaza o



PLANO DETALLADO CO EMPRAZAMENTO DOS CASTROS

- CASTRO DE AREAS (Adragonte)
- CASTRO DA LONGRA (S. Mamede)

XA-82



Detalle das diferentes faces do instrumento fálico encontrado nas proximidades do castro de Areas

"Monte do Castelo", asentado sobre un rocoso promontório, que ven a ser o único castro existente nesta parróquia e, portanto, motivo do presente estudo.

EMPLAZAMENTO.—Partindo de Betanzos, a 6,5 Kms. pola estrada de Vilalba, divisa-se como unha peculiar colina, "outeiro", ateigada de vexetación arbórescente, na que predominan os eucaliptos e piñeiro de boas dimensións, a uns 240 m. cara á dereita desta via.

DIMENSIÓNS.—Indubidabelmente, trata-se dun recinto castrexo de pequenas proporcións e que, dada a exígua e irregular plataforma do seu cume, nos inclinamos a ver nel mais unha atalaia defensiva que un habitáculo propriamente dito.

As suas medidas son as seguintes, considerando os dous eixos direccionals:

Eixo Norte - Sur 42 m.
Eixo Leste - Oeste 33 m.


Máxima altura do talude exterior á croa 10 m.
Altura meda do muro defensivo no lado NE. 8 m.

DEFENSAS E PORTAS.—Practicamente inexistentes hoxe, ofrecendo somente uns lenzos esborrallados de muro defensivo nas suas porcións Norte e Leste; non xa como tal muro de mampostería que serve de sostén, senón un par de plataformas térrreas de ate 6 m. de crista, á parte interior do cal serve aquel de soporte, mentres a exterior declina en forma de talude mui acusado cunha profundidade de ate 10 m.

Na sua parte Sul xamais debeu existir parapeto algúin, xa que a natural pendente do monte favorece unha case total inexpugnabilidade por aquela parte, cuns 200 m. de talude mui acusado sen solución de continuidade.


Amais dese muro que circunda todo o hemicastro Norte, existen outros dous

lenzos murados de mampostería, un no Oeste, con aproximadamente 17 m. de lonxitude, que progresivamente se desmorona nos seus extremos, contra a aba (ladeira), deixando paso a unhas abruptas rochas batolíticas que conforman unha parede vertical sobre o foso; e outro, que polo seu aspecto semella máis recente, ao que atribuímos a única misión de deslinde de propriedades, pois se na sua parte alta se inicia concéntrico ao castro, logo orienta-se perpendicularmente para correr costa abaxo ate o pé do monte (lado Sul).



No tocante á porta, se de feito existiu algúna, debe corresponderse co único rebaixe do talude na sua cara Norte, que parece remontar lixeiramente sen chegar ao címo. Se non aprécia outro acceso através dos muros defensivos de non ser que se utilizara no próprio foso, cando menos nalguns dos seus sectores.

OBSERVACIONES.—Trata-se dun castro mui esborrallado onde a complicidade da maleza, unido á sua propia estrutura, fan difícil mesmo a sua croquización. Salvando estes inconvenientes, poderíamos engadir ao xa comentado algunas particularidades tais como que, inda que nun principio debiu estar habitado, como o revelan testemuñas das que logo nos ocuparemos, o seu aspecto é hoxe o dun simples ou cando menos posterior baluarte defensivo —daí o seu actual nome de “O Castro de Longra” — que, polo seu emplazamento estratégico domina unha área mui cobizada e en direita comunicación visual cos seus veciños: Castro de Longra (en San Mamede) e A Espenuca; entre os que median, amais, unhas distancias mui curtas (vexa-se esquema).



Este castro de Areas, polo seu asentamento sobre unha mole de granito, serviu, en tempos ainda recentes, de canteira, como demostran vários socavóns que aparecen no chan, especialmente na sua cara SW. e as pegadas de cuñas utilizadas para romper algúns bloco que ainda permanece ali aillado e traballado.

A pendente desde a estrada é leviana e permite acceder ao cume sen maior esforzo (lado Norte); porén, todo o contorno restante cai con acusada verticalidade sobre as casas da aldea que está ao seu pé. Por esta banda resulta impracticábel.

Na croa, o único a salientar son os grandes blocos de granito que coroan o monte, algunos deles esgallados e perdidos abaixou. Nunha exploración mui superficial, e baixo o manto, podemos recoller unhas sucintas porciones de cerámica e téguulas das que tanto abundan nestes recintos.

Con todo o maior interés no que a achádegos se refere, radica en tres machados de man encontrados nunha finca de cultivo contigua ao castro pola sua parte máis chá. Deles, un de silex incompleto, mais que conserva, en mui bon estado, o seu corte e de perfeita factura (Foto 2). Os dous restantes, de material pizarroso, o que nos fai pensar máis en elementos votivos que de puro utilaxe doméstico; un, conservado na sua total integridade inda que o corte lixeiramente erosionado (Foto 3). Mais o que pode resultar máis sugestivo seria o último deles que, a primeira

vista e observado por ambas caras, dá a impresión de ser un instrumento fálico, a teor da sua forma, inda que aplana, e do resalte que circunda un dos seus extremos (Fotos 4, 5 e 6). O primeiro fora atopado hai algun tempo, entanto estes dous últimos foron-o hai somente uns meses, con ocasión das faenas agrícolas, e están en posesión do propietario da finca.

Temos notícia de que, con anterioridade a estes achádegos, fora encontrado un muíño de man, a posesión do cal se descoñece nestes momentos.

É obvio destacar tamén que o entorno do castro é unha zona na que proliferan os manantiais de auga, dando-se a circunstancia de que, a menos de 300 m. do mesmo, existen duas fontes de auga potábel, amais doutras porciones de terreo encharcado; o que houbera favorecido notablemente o suministro aos moradores do castro.


En suma, un recinto de pequenas proporcións, mui irregular na sua constitución, encalvado en zona de ampla visibilidade e dominio; de modo que, inda que nos asalten as dúbidas acerca da sua habitabilidade, si existen testemuñas dunha pretérita civilización que por aquelas paraxes quixo facer valer a sua vida e historia.

CASTRO DE SAN MAMEDE

Se na descripción do castro anterior aludímos ao complicado da sua estrutura, para o que agora nos ocupa esta complexidade torna-se no contrario, nunha simplicidade de formas que o sitúa como un recinto tipicamente castrexo, coa única salvedade do irreversíbel deteriorio que o tempo e a historia lle imprimiron.

EMPLAZAMENTO.—Situado apenas a un quilómetro do anterior en liña recta, ven a representar, como anteriormente dicímos, unha espécie de baluarte defensivo, estrateticamente situado e parello co de Areas, flanquando, por unha banda, as riveiras do río Meizoso, afluente do Mandeo pola sua marxe dereita, e, pola outra, a canle do próprio Mandeo, sobre o que tamén domina, na marxe oposta, o deteriorado castro da Espenuca.

Está situado no extremo Noroeste da aldea de San Mamede, parroquia de San Xulián de Vigo, do mesmo concello de Paderne; mui próximo ás casas do lugar da Longra, imediato á capela.



Chega-se ate el desde a mencionada estrada de Betanzos a Vilalba, nos quilómetros 4 e 7, por senllas pistas asfaltadas, abertas con motivo da concentración parcelaria naquelas parroquias.

Cunha altitude de 270 m. sobre o nivel do mar, supón, senón a cota máxima deste contorno, si, cando menos, unha das más sobresalentes, con claro domínio sobre o altiplano.

DEFENSAS E PORTAS.—Resulta ser, pola sua defensa, un dos castros mellor conservados de entre os existentes neste contorno. Conserva o muro defensivo de boa factura e, cando menos, as tres cuartas partes do seu perímetro; sendo máis elevado pola banda Leste, onde tan só se interrompe para deixar paso á única porta existente.

Na banda oposta (W), o muro irá pro-

gresivamente perdendo altor, ate desaparecer ao mesmo nivel do rellano interior, como pode apreciar-se no esquema da planta.

A defensa é única, mais notavelmente sólida, ate tal punto que, á esquerda da porta, o talude exterior alcanza unha magnitude de 18 m. e 9 m. no parapeto correspondente. O resto do talude ronda os 15 m., representando por iso todo un exemplar de recinto inexpugnábel; só comparábel a castros como os de Revillón e Vilariño, no municipio de Sobrado dos Monxes.

Non existe dobre muro defensivo, a excepción de dous pequenos lenzos paralelos entre si, que flanquean outros tantos fosos na parte Noroeste. En todo o resto do recinto, non quedan vestíxios de foso ou ben, como ocorre nas proximidades da porta, está convertido en camiño de carro, coa dose de erosión que iso supón.

A porta encontra-se ao final dunha rampa que accede ao interior en forma curva, xirando de Sul a Oeste, para continuar-se logo cun camiño recto e central, que divide o recinto en dous semi-círculos con muros de pedra, a misión dos cais é o deslinde das diversas tenzas de monte nas que hoxe está dividido o castro.

No Oeste non existe defensa e o interior morre directamente sobre a propia pendente do monte, que, nesta parte, é mui acusada; acariciada, alá no seu pé, polas áxeis augas do río Meizoso.

MEDIDAS.—De medianamente grande poderíamos calificar a este castro que, amais, pola sua forma practicamente circular, fai del un exemplar facilmente medíbel e croquizábel, salvando, claro é, a mesta maleza que ateiga alguns sectores do mesmo.

As suas medidas son, para ambos eixos, de 80 m.




Foto - 1

Ancho de porta, 4 m.

Altura nos laterais da mesma, 18 e 15 m. a esquerda e dereita, respectivamente.




Foto - 3

Mentres o anterior Castro de Areas parecia pródigo en achádegos, deste nada pudemos saber ao respecto; se ben é mui posíbel que nas fincas colindantes teñan aparecido restos, por exemplo, de muíños de man, que, talvez, por descofiecimiento, foran a dar, baixo a forma de lastre, a algún camiño o de cerramento en calquer muro próximo.




Foto - 2




Foto - 4

OBSERVACIONES.—Pouco más podemos dicir en torno ao mesmo;unicamente engadir que resulta ser un castro ainda virxe, en canto a exploracíons; mais que, con toda probabilidade, existan vestixios de vivendas castrexas na sua croa.

Salientar, iso si, o pouco respeito e atención que se ofrece a estes castros, como o demuestra o feito de que se instalase, hai apenas un par de anos, unha torreta do tendido eléctrico de alta tensión nun extremo do mesmo, con menosprezo de que, na sua cimentación, poda ter-se causado deterioro aos posíbeis restos

que, baixo o chan, se encontren (Foto 1); seica veu a secundar, entre outros, ese desditado exemplo do Castro de Elviña, na Coruña, onde o poste segue ali, impasibel, a pesar das reiteradas xestións para o seu traslado, cunha certa impresión de tozudez e claro espello de algo mal feito...




Foto - 5




Foto - 6

